



En Pontevedra, a 5 de novembro de 2010

Como xa temíamos hai dous anos, no momento en que se declararon ilegais os pasos a nivel da Praza dos Praceres, a execución de dita sentenza podería traer consigo unha alternativa que seguise a consolidar o seu trazado pola praza.

Agora que o Ministerio de Fomento parece disposto a executala, a Asociación Pola Defensa da Ría quere lembrar que, tal e como parecía previsíbel, ningunha das alternativas propostas suporá unha mellora nun proxecto ferroviario fracasado desde o seu inicio.

Propoñemos ás autoridades competentes que en lugar de tratar de remendar os seus erros con outros maiores poñan en marcha, dunha vez por todas, un plano integral para o Porto de Marín-Pontevedra: recuperando sen máis esperas os espazos estragados; planificando de maneira conxunta a actividade industrial e a súa loxística, beneficiando actividades sustentábeis e co menor impacto social e ecolóxico; tendo en conta a execución doutras sentenzas, como a que declara ilegais os recheos do Porto e o feito de que ENCE-ELNOSA ten que abandonar a súa ubicación como máximo no 2018.

Á vista destes antecedentes e doutros moitos xa expostos ao longo destes anos, non podemos xustificar nin o trazado nin a existencia mesma dunha liña de tren que provoca máis problemas dos que resolve. Non só atravesa ilegalmente a Praza dos Praceres senon que hoxe en día morre nun recheo que terá que ser levantado en cumprimento da senteza do Tribunal Supremo, polo tanto, calquera soterramento, ben sexa da propia vía ou dos pasos, non resolvería isto último.

Reiteramos a nosa oposición a este proxecto, que xa demostrou sobradamente a súa pouca utilidade e constatamos que o elevadísimo custo desta obra aínda hoxe non se viu reforzado polo seu uso; razón pola que dificilmente poderíamos menos aínda apoiar unha nova inversión nun proxecto que só serve para consolidar diversas ilegalidades manifestas: recheos, naves, fábricas, etc.

Non podemos parar de reivindicar a recuperación ambiental e paisaxística do entorno de Lourizán e requerimos unha actividade industrial no Porto que permita o equilibrio entre o aproveitamento racional dos recursos e a calidade de vida das persoas.

María Peón
Secretaria da APDR